

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/18	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de maio de 2024
Duración	Dende as 12:15 ata as 12:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 24.05.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 24 de maio de 2024.

Expediente 1576/2017. DEVOLUCIÓN DE AVAL. "DOTACIÓN DE HERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL DE A GANDAREIRA-BANDEIRA, FASE I"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 30.01.2024, Rexistro de Entrada n.º 2024-E-RE-128, por María José Taboada Ramos en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. con C.I.F. B36052876 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder o contrato de obras denominado "DOTACIÓN DE HERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL DE A GANDAREIRA-BANDEIRA, FASE I."

Visto que a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas establece que: "Esta garantía responderá os conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Visto que con data 29 de maio de 2024, Rexistro de Entrada 2024-E-RE-833, polo Arquitecto director da obra Abraham Castro Neira remítese informe sobre devolución de garantía, no que conclúe: "*Requerido informe técnico para la devolución de aval una vez transcurrido el plazo de garantía para las citadas obras, se procede a la inspección técnica de la obra, así como a la consulta a los servicios municipales encargados de la gestión de las instalaciones sobre posibles defectos no visibles. Visto que no se aprecian patologías o daños salientables y que la obra ha cumplido con las garantías requeridas, se emite informe indicando como FAVORABLE la devolución del aval solicitado.*"

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval de Banco Popular Español, S.A., Rexistro Especial de Avais nº 8919-00415, polo importe de dezaseis mil catrocentos noventa e nove euros con oitenta céntimos (16.499,80 €).

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 868/2024. DEVOLUCIÓN DA CANTIDADE DEPOSITADA COMO GARANTÍA DE ACOPIO DE MATERIAIS NA “CONTRATACIÓN DA REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con data 14 de novembro de 2023, URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., adjudicataria do contrato de obra REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA, realiza transferencia a favor do Concello de Silleda de 16.203,17 € en concepto de GARANTÍA DE ACOPIO DE MATERIAIS.

O 17 de maio de 2024, con rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-780, Don Carlos Presas Lamazares, en nome e representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., solicita a devolución da cantidade depositada en concepto de GARANTÍA DE ACOPIO DE MATERIAIS, que ascende a 16.203,17 €.

Apórtase na antedita solicitude o informe favorable do Director de Obra e redactor do proxecto, Don Manuel Abelleira Argibay, COAG 2222, asinado o 16 de maio de 2024, sobre a devolución de acopio de materiais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Proceder á devolución da cantidade de 16.203,17 €, depositada mediante transferencia emitida por URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. a favor do Concello de Silleda, o 14 de novembro de 2023, como garantía de acopio de materiais do contrato de obra REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA.

Expediente 1293/2023. DEVOLUCIÓN DA CANTIDADE QUE SE DEPOSITOU EN METÁLICO CON OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO Á GARANTÍA DEFINITIVA NA “CONTRATACIÓN DA REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA” QUE SE SUBSTITÚE POLA PRESENTACIÓN DE AVAL.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con data 26 de outubro de 2023 consta no expediente transferencia recibida a favor do Concello de Silleda de 4.245,00 € en concepto de garantía definitiva do contrato de obra REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA.

A antedita transferencia realizouse pola empresa adxudicataria da obra, URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., o día 25 de outubro de 2023.

O 14 de maio de 2024, con rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-751, Don Carlos Presas Lamazares, en nome e representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., solicita a devolución da cantidade depositada en concepto de garantía definitiva, 4.245,00 €, e procede á presentación de aval que substitúe esa cantidade (aval inscrito no Rexistro Especial de Avals baixo o número 55.814, emitido por AFIGAL o día 9 de maio de 2024).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Formalizar a garantía definitiva de 4.245,00 € establecida para o contrato de obra REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA por medio do aval inscrito no Rexistro Especial de Avals baixo o número 55.814, emitido por AFIGAL o día 9 de maio de 2024, presentado pola contratista URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da cantidade de 4.245,00 € depositada mediante transferencia emitida por URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. a favor do Concello de Silleda, o 25 de outubro de 2023 (recibida polo Concello o 26 de outubro de 2023), como constitución da garantía definitiva do contrato de obra REFORMA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DO OUTERIÑO E DO PAVILLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DO CONCELLO DE SILLEDA, que queda substituída polo antedito aval.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda